

Ausencia

Carme BLANCO RAMOS

Espertou co mesmo sentimento de decepción que o adurmiñara a noite anterior. Folio en branco. Non acha a palabra axeitada para abri-lo camiño do diario “na túa ausencia”. Antes de pecha-lo portátil escribe “Europa está en crise. Medio mundo está en crise, mentres o outro medio non a coñece”.

Coa vontade anulada para afrontar outro día máis saíu da casa sen rumbo fixo. Media hora despois, sentado á barra dun bar, tomaba un café amargo, ata que lle entrou a angustia de non saber nada de Ariadna. Por que lle fixera aquela faena. El sabía que ela sempre puxera a súa liberdade, o que lle petara, por riba de todo. Repetíallo decote. Non quero nós nas cordas. Bebeu o último grollo e marchou deixando as facianas dos demais clientes cara ás imaxes dunha televisión sen volume.

Encontrouse deambulando pola rúa principal, entre xente bulideira que repartía saúdos sen deterse. O poder do tempo xa non é exclusivo das urbes. Farto de pasear sen reparar en algo concreto, entrou con decisión nunha carnicería. Se hai algo característico nesta Comarca é a carne de tenreira. Por fin reparou en algo, o home do mostrador non para de falar da crise. Improperios aos políticos. Alza o brazo coa macheta na man, busca as miradas das clientas, aproveita o punto morto do ascenso para botarlles un sorriso, logo aperta os dentes e o aceiro cae coma unha guillotina na peza de tenreira feita costelas. Decontado pasa aos inmigrantes. Un home maduro con cara de sebo colabora: xa somos europeos, temos unha casa de putas. O lercho do mostrador responde ¡ollo! Eu non teño nada contra elas. Unha muller nativa de peitos redondos con mirada penetrante bóttalles un sorriso. Unha maneira de seguirlles a corrente. De súpeto todos opinan. Palabras incoherentes que se cruzan na busca do sitio correcto. Frases desgastadas que lle golpean os oídos. O Miguel, coma un narrador galaico, sentiuse invitado naquel faladoiro de *radio parapeta xarilleira* ante as miradas de complicidade e o sorriso da muller de peitos redondos. El non se sentía na obriga de falar por falar.

De volta á casa, sentiu unha fútil curiosidade ¿quen goberna aquí? Un home doutro tempo con pucha negra sentado nun banco da beirarrúa sacia a súa pregunta: os de sempre. Máis adiante, só un pouco máis adiante, reparou na fotografía dunha meniña desaparecida pegada nun escaparate. Se non fose polas mensaxes, ben sería el quen tamén enchese tódolos escaparates con fotos de Ariadna, pero a súa lucidez aclarouse. De momento non se sente abandonado. Segue sen encontrar unha explicación lóxica á maneira en que marchou: coma unha adúltera pola mañanciña cando el inda durmía. Inxenuo el que a esperaba pensando nun saboroso almorzo cuns bolos de amendoas da tafona de enfronte. Axiña o aviso do móbil coa entrada das mensaxes. A primeira, a imaxe dunha pintura que lle resultou familiar. Buscou na memoria e lembrou *El teatro de máscaras*, un cadro simbolista de James Ensor. Unha lámina presidía a entrada do faiado de Ariadna, preto do Rastro madrileño. A continuación a mensaxe de texto: “de vacacións en Australia”. De Ariadna nada lle podía sorprender.

O Miguel non desexa ser un suxeito da enunciación narrativa. El só quería escribir para ela, para que ó seu regreso non sinta o baleiro da ausencia. El non busca un refinamento na súa linguaxe literaria.

Por momentos étranlle dúbidas de se a súa decisión foi acertada: pedir excedencia no instituto. Un ano retirado nunha vila rural do norte. Poñerlle amodiño os suxeitos e os verbos ás palabras da súa novela sen concibir. Esa novela de denuncia que o día a día como profesor fora construíndo na súa cabeza.

A realidade de dar ese paso dende o extravertido ao íntimo é onde un sente a inseguridade, como a primeira vez que fixo o amor con Ariadna. Sentíanse tan seguros exteriormente que cando xuntaron a súa intimidade eran dous descoñecidos.

O tempo que pasaran xuntos el lambera a vida, porén os compañeiros do instituto tiraban dela coma os bois do carro.

El segue co seu plan. Dentro duns días ou quizais un mes timbrará á porta, e alí estará ela co seu

pelo louro e a pel tostadiña polo vento. Xa imaxinaba o seu sorriso. Así e todo non é para estar pesado, el non sente a súa ausencia coma algo negativo, senón coma unha iniciativa de liberdade pola súa parte.

Na casa empezou a escribir. “De repente os gobernos do mundo volvéronse sabios. Todos falan do cambio climático, pero os ciclos estacionais xa están escachados polo home.

Ambición e cobiza: primeiro postulado da sociedade rica.

Hoxe soñei con Ariadna, dende que marchou os soños da noite fanme compañía, coma se estivese á miña beira na cama. Fago as mesmas cousas, cando esperto dou media volta, deixo o brazo na almofada e doulle un bico. Así non sinto a súa ausencia”.

O seu con Ariadna era distinto, ela era a súa Dulcinea, para el un ideal feito realidade.

“Outra vez é hoxe, sempre é hoxe: o segredo da nosa perfecta existencia”.

De momento el procura escribilo todo. Tamén os seus pensamentos. As novas amizades. Ao seu regreso non terá lagoas nas sucesións de tódolos instantes ausentes.

Pasa o tempo paseando polos arrabaldes. O lugar preferido é un sendeiro entre castiñeiros nos que comezan a agroma-los ourizos. A desidia e o tedio empezan a facer estragos na súa personalidade.

“As follas alfombran os camiños. Sen noticias de Ariadna”.

O día en que a humidade entrou na casa decidiu chamala ao móbil e dende entón sempre a mesma doce voz impersoal “o número ao que vostede chama non existe”.

Na intimidade Ariadna era unha divindade cretense, inspiradora do propio Ovidio. Desaparecida, non. El non quería ir a ningures, só escribir a súa novela, ela percorrer tódolos olimpos do mundo.

O Miguel decidiu marchar na procura dela e do seu violo. Volver escoitar as vibracións máxicas das cordas que fluían polos subterráneos do metro. Alí foi onde a encontrou.

A tarde antes de marchar tomaba un café tranquilo, ollaba o horario de trens no xornal. Na sección de economía nacional atopouse coa noticia da fusión dunha das empresas do pai de Ariadna. El sabía da súa orixe, por iso a valoraba máis. De súpeto reparou na foto colectiva do presidente co novo consello de administración. Alí estaba Ariadna cun vestido negro, ao lado de seu pai. O pé de foto informaba que era a nova vicepresidenta da tan gabada fusión. A crise: oportunidade para os ricos.

Non quería volver á casa. Por primeira vez sentiuse só, abandonado e sen novela. Entre as sombras do luscofusco apareceu na rúa das mulleres. Entrou nun bar e pediu unha cervexa, despois outra e logo outra... Pola mañá despertou nunha cama allea ao lado dunha rapaza loura. Apenas recordaba o que pasara ou fixera a noite anterior. Volveu pensar en Ariadna, na foto do xornal.

O aire da noite atopa as verdadeiras consciencias, o do día saca brillo ós escaparates.

Na casa, con rabia, decidiu darlle un tombo a súa novela. El era o dono das súas ideas. Deixaría de lado o politicamente correcto e comezou a escribir a primeira frase do seu libro: vivir libremente non ten para todos a mesma connotación...